

**Acta núm. 16/2023.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 12 de decembro de 2023.**

ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.

Non asisten:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebal Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 12 de decembro de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o segundo tenente de alcalde Carlos Noya Pereira, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2023, DO 28/11/2023.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.
- 6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN.
- 7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 15/2023, DO 28.11.2023.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 28.11.2023, acta núm. 15/2023.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDER GONZÁLEZ OZORES, que di actuar en representación de ECOWARM DE GALICIA, S.L., na que comunica que vai instalar paneis fotovoltaicos para auto abastecemento (222 módulos), nas cubertas de dúas naves existentes en Coruxido 51- Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Diego Mazaira Rodríguez.

Os paneis instalaranse sobre as cubertas das naves denominadas “nave 1” e “nave 2”, respectivamente, fixados aos faldóns das cubertas mediante unha subestrutura de aluminio.

A parcela (referencia catastral 000300100NH23H0001WK) onde se pretende executar as obras atópase incluída sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes da Consellería do Medio Rural de data 30/11/2023 (ref. 2023/3083173) e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.540,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.604,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA GARCÍA RIEIRO, na que comunica que vai modificar o peche da parcela sita na Avda. dos Ánxeles nº 19 B e nº 19 C – Os Ánxeles. O peche está en contacto coa vía pública, situado na aliñación establecida nos planos de ordenación, e pretende abrir un oco no mesmo para instalar un portalón de acceso de vehículos.

A parcela (referencia catastral 6649560NH2464N0001HD) na que se pretende executar a obra, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1) e linda cun tramo urbano de titularidade municipal da AC-543. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 91,90 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 156,47 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda de Gándara 22 - Bastavales (referencia catastral 8133814NH2483S0001WA). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 8 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez o 06.11.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista da comunicación de declaración responsable de Augas de Galicia, de data 17.11.2023 (expediente DH.W15.97062) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 103,13 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 20,63 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 85,20 euros.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por MANUEL JESÚS SILVA MARTÍNEZ, na que solicita licenza para arranxar unha canalización de subministro de auga privada, que da servizo a vivenda sita en Liñares 35 – Brión, dunha lonxitude de 2 metros aproximadamente, que discorre pola cuneta, sen afectar á vía pública.

A edificación (referencia catastral 5952503NH2455S0001LA) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,57 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para canalizar unha nova acometida directa á rede soterrada existente, de 5,30 metros de lonxitude, para dar subministro de gas natural a unha vivenda sita en Guitiande 6, Os Ánxeles, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Madrid o 02.10.2023

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7350302NH2475S0001BL) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-A acometida axustarase en todo momento aos requirimentos que se establecen no Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gaseosos (R.D.919/2006) e o Real Decreto (1434/2002) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedemento de autorización de instalacións de gas natural.

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,01 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,58 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Fernández Echeverría, que di actuar en representación de O PECADO DE XANTAR, S.L., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 73,6 Kw a 8 vivendas unifamiliares adosadas, sitas no lugar de Sabaxáns 68- Bastavales,

(referencia catastral 8017614NH2471N0001XS). Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá de 79 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Emilio García Baña con visado do 23.10.2023. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 895,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 179,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 243,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JESÚS LAFUENTE TABOADA na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Saime 23, Bastavales.

Con data 19/07/2011 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Jesús Lafuente Taboada e Lorena Gómez Guerrero, para construír unha vivenda unifamiliar en Saíme 23 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polas arquitectas María José Bouzas Louzao e María del Mar Jorge Paíno, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.02.2011 e documentación complementaria presentada no concello o 01.06.2011(r.e.1432).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta María José Bouzas Louzao, con data 09.02.2022, e visado polo Colexio oficial correspondente con data 07.04.2022, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO .- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ADRIÁN IGLESIAS SÁNCHEZ, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dun peche no lugar de Coruxido 27-Bastavales.

A Xunta de Goberno Local con data 22.11.2022, autorizou a Adrián Iglesias Sánchez a facer un peche de parcela, polos dous lindeiros laterais da mesma, e pola parte posterior, que da fronte a un camiño de monte e instalar unha baranda de protección de 1,10 metros de altura sobre muro tradicional existente con fronte o camiño de acceso á vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

SEXTO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2023, que transcrita di:

Vista a solicitude presentada no Concello por María Sabell Sierra, responsable do grupo K9 de “Só lles falta falar”, entidade colaboradora coa Guardia Civil e coa Asociación SOS Desaparecidos para a busca de persoas desaparecidas, na que se propón a sinatura dun convenio de colaboración.

Considerando esta alcaldía que pode ser importante para os veciños poder dispor dun grupo de cans para situación de desaparicións de persoas, en coordinación co Grupo de Emerxencias Supramunicipal e a Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia.

Considerando que o convenio non supón incremento de gasto para o Concello e co galo de que poida ter a maior difusión posible, propoño á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Brión, o GES de Brión e María Sabell Sierra, adestradora de cans número rexistro da Xunta CCA-D-078, cuxo contido é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN, O GES DE BRIÓN E MARÍA SABELL SIERRA, ADESTRADORA DE CANS NÚMERO REXISTRO DA XUNTA CCA-D-078.

En Brión, a

Reunidos

Dunha banda Pablo Lago Sanmartín, alcalde do Concello de Brión e en representación do mesmo; o responsable do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Brión (en adiante GES), Jorge Fernández Cobas, e doutra María Sabell Sierra, DNI: 32784889-E, responsable do grupo K9 de “Só lles falta falar”, entidade colaboradora coa Guardia Civil e coa Asociación SOS Desaparecidos para a busca de persoas desaparecidas.

Expoñen

Con este convenio o Concello de Brión disporá dunha unidade de adestramento de cans, rastrexo e busca de persoas adscrita ao GES Brión coa experiencia e estrutura necesarias para prestar a súa colaboración e auxilio naqueles operativos de localización de persoas desaparecidas.

Este grupo K9 estará a disposición do GES de Brión tódolos días do ano, as 24 horas sen limitación territorial.

Acordan

PRIMEIRO. OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre María Sabell Sierra como responsable do grupo K9 e o Concello de Brión para a localización de persoas desaparecidas.

SEGUNDO. DURACIÓN.

A duración deste convenio será de 4 anos prorrogable, con efectos desde o día seguinte ao da sinatura deste convenio.

TERCEIRO. MOBILIZACIÓN DOS MEDIOS.

A mobilización de medios farase a través do teléfono do GES de Brión (629871542), recollerase una serie de datos a falar entre a asociación e o GES de forma xenérica a cada chamada, coa creación dunha ficha para recepción de datos.

Unha vez requirida por parte da Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, a intervención da Unidade K9 deberá axustar a súa actuación ás directrices establecidas pola Axencia de Emerxencias de Galicia (AXEGA), en todo momento responsable da dirección do operativo e asesorada polo responsable da unidade K9. O grupo disporá de identificación autorizada.

CUARTO. ESTRUCTURA E MEDIOS.

O GES de Brión facilitará a AXEGA toda a documentación e información da estrutura e medios dos que dispón a Unidade K9. Esta información será subministrada por María Sabell Sierra, e incluírá o calendario de adestramentos programados, informes dos cans operativos e formación de guías.

QUINTO. A Unidade K9 contará ao seu cargo cun seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra as actividades incluíndo os guías e os cans integrantes do equipo.

SEXTO. O Concello poderá contribuír ao financiamento da Unidade K9 a través dos acordos de colaboración que o Concello poida facer con outras administracións, sempre que se asine algún convenio de colaboración coas entidades competentes e estas destinen unha subvención para ese fin.

En todo caso, non entra dentro desta posible financiación a través de convenio, o convenio suscrito o 30.12.2022 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e que ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) para o ano 2023, como grupos operativos de emerxencias no ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias de Galicia, ao que se adheriu este Concello.

SÉTIMO. O presente convenio resolverase:

1. Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
2. Polo transcurso do tempo estipulado sen que se aprobe con anterioridade unha prórroga, no seu caso, que deberá formalizarse en todo caso por escrito.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada no encabezamento.

O alcalde

O responsable do GES

A responsable do grupo K9

Pablo Lago Sanmartín

Jorge Fernández Cobas

María Sabell Sierra

2º) Facultar a esta alcaldía para a súa sinatura e demais trámites que resulten necesarios.

Esta é a miña proposta non obstante o Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SÉTIMO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: ACONDICIONAMENTO DA AC-543 AO SEU PASO POLO CONCELLO DE BRIÓN, ENTRE OS PP. QQ. 8+390 E 9+870.

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2023, que transcrita di:

Antecedentes.

1. A Xunta de Galicia por Decreto 77/2023, do 8 de xuño, aprobou o cambio de titularidade do treito da estrada AC-543 comprendido entre o p.q. 8+390 e o p.q. 10+000, xunto co seu dominio público viario, agás a calzada circular e beiravías das glorietas do p.q. 9+310 (conexión coa AC-304) e do p.q. 9+730 (conexión coa AC-300 e a AC-451), a prol do Concello de Brión (DOG 116, do 20.06.2023, con corrección de erros publicada no DOG 120, do 26.06.2023), en virtude do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Brión para o acondicionamento do treito da estrada AC-543 entre os pp.qq. 8+390 ao 10+000 e cambio de titularidade en favor do Concello, ratificado polo Pleno en sesión de data 08.03.2023.

2. Polo Concello encargouse a redacción do proxecto de obras ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, que foi asinado con data maio de 2023, cun orzamento total de contrata de: 1.239.099,74 euros, IVE incluído, sendo a distribución do seu financiamento a seguinte:

-. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas achegará: 423.781,90, euros, distribuídos do seguinte xeito:

-. Ano 2024: 211.890,95 euros.

-. Ano 2025: 211.890,95 euros.

-. Concello: 815.317,84 euros, con cargo á aplicación 1532.60901, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería segundo acordo do Pleno do 22.11.2023 de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 20/2023.

3. Consta no expediente a acta de reformulo da obra asinada polo técnico autor do proxecto con data 23.05.2023, e o informe técnico asinado pola arquitecta municipal consonte co disposto no art. 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. Mediante providencia desta alcaldía do 05.12.2023 iniciouse o expediente para contratar a obra sinalada, e realizar a contratación por procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, consonte co establecido no art. 159 da LCSP, mediante anuncio no perfil de contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, ordenando emitir os informes preceptivos.

Fundamentos de Dereito.

1. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2. Consonte co disposto nos artigos 131,146.1 e 159.1 da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto simplificado.

3. O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4. O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa contratación á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, segundo acordo do 29.06.2023, publicado no BOP núm. 127, do 05.07.2023, correspondéndolle igualmente a competencia para aprobar o proxecto segundo o disposto no art. 22.2.ñ) da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, por delegación do Pleno, anteriormente referenciada.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto das obras de: Acondicionamento da AC-543 ao seu paso polo Concello de Brión, entre os pp. qq. 8+390 e 9+870, realizado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro, de data maio de 2023, cun orzamento total de contrata de: 1.239.099,74 euros, IVE incluído.

2º) Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, con tramitación anticipada.

3º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.1 da LCSP cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que ha rexe no contrato, asinado por esta alcaldía e que consta no expediente.

4º) A aprobación do expediente de contratación, así como a adxudicación, quedan sometidas á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento do exercicio 2024, como nos expedientes de modificación de créditos que este concello aprobe ao longo do exercicio 2024. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a licitación xerará dereito ningún a favor dos licitadores mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

5º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

Está é a miña proposta non obstante a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, adoptará o acordo que estime máis pertinente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, por delegación do Pleno, acorda:

1º) Aprobar a proposta nos seus propios termos e declarar a urxencia deste acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de Servizos, na primeira sesión que se celebre.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves Gónzález